

**NOVEMBRO 2024- ABRIL 2025
CICLO DE CONFERENCIAS. PASADOS
INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E
HISTORIA**



O Grupo de Investigación HISTAGRA continuou co ciclo de conferencias PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA, no que participaron especialistas da historia, estudos culturais, socioloxía, xudicatura e do pensamento para analizar o pasado e a memoria, así como o seu tratamento presente.

O Grupo de Investigación HISTAGRA (<http://histagra.usc.gal>) ten como un dos seus principais obxectivos o estudo do golpe de 1936, a Guerra Civil, o franquismo e a transición política en España e neste marco de investigación se desenvolverá o ciclo de conferencias. A experiencia investigadora e profesional de cada un dos conferenciantes é contrastada o que supón compartir unha experiencia de investigación e posta en valor dun tema como é o do pasado da guerra e a memoria que segue a ser un dos vértices das políticas públicas e da investigación histórica.

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

Damos continuidade ao ciclo que comezamos en NOVEMBRO de 2024 e que se pode recuperar na súa totalidade na ligazón: <https://histagra.usc.es/es/novas/1025/ciclo-de-conferencias-histagra-2024-2025>

RELATORXS

 SEMINARIO CECILIA VÁZQUEZ LAREU; VANESA GARBERO (INSTITUTO GINO GERMANI- UNC); CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ; ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ (USC-HISTAGRA-CISPAC) PRESENTAN: ANTONIO MIGUEZ MACHO (USC-HISTAGRA-CISPAC) EMILIO CRENZEL (GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE HISTORIA RECIENTE Y MEMORIA SOCIAL" INSTITUTO GINO GERMANI (UBA))  Conversacións transatlánticas sobre memoria e historia recente. Diálogos entre España e a Arxentina CISPAC. Seminario 103 Xoves 28 de novembro de 2024. 16:00 (hora española)/12:00 (hora arxentina) GRUPO HISTAGRA 2024-2025 	Relatorxs: Cecilia Vázquez Lareu, Vanesa Garbero, Conchi López Sánchez, Alba Garrido Título: Conversaciones transatlánticas sobre memoria Día 28/11/2024 Hora: 16 h. Lugar: CISPAC	Reseña O Grupo HISTAGRA-CISPAC organizou, xunto ao Grupo de Estudios sobre historia reciente y memoria social, do Instituto Gino Germani (UBA) o Seminario: Conversacións transatlánticas sobre memoria e historia recente. Diálogos entre España e a Arxentina. Nel participaron especialistas galegas e arxentinas nos estudos da memoria e da violencia en ambos países
---	--	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimiento Regional

  CONFERENCIA MARÍA ANTONIA MARTÍ ESCAYOL  El movimiento antimina de Corcoesto Facultade de Xeografía e Historia Venres 29 de novembro de 2024. 10:00 h. Aula 13 GRUPO HISTAGRA 2024-2025 	Relatora: María Antonia Martí (UAB) Título: El movimiento antimina de Coscoesto Día: 29/11/2024 Hora: 10 h. Lugar: Facultade de Historia.	Reseña biográfica Doutora en Historia, escritora, tradutora e profesora titular na Universitat Autònoma de Barcelona (desde o ano 2000). É especialista en humanidades ambientais, historia da época moderna e cultura de Asia Oriental, e actualmente o seu traballo vira ao redor da ecocrítica e as vinculacións entre as prácticas estéticas e a xustiza ambiental. Foi investigadora, entre outros, na Universidade de Sophia de Tokio (Xapón), e profesora na Truman State University de Misuri (EUA). Traduciu, entre outros, á escritora e científica inglesa do século XVII Margaret Cavendish e á historiadora da ciencia Carolyn Merchant. O seu último libro é, O meu último libro é: Ouro, piollos e ovellas. Imaxinar a xustiza ambiental (Comares, 2023).
--	---	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional


 CONFERENCIA CONXITA MIR Del colectivo al individuo: hablando de Historia con Conxita Mir Facultade de Xeografía e Historia Xoves 19 de decembro de 2024. 19:00 h. Aula 13 GRUPO HISTAGRA 2024-2025 CISPAC Centro de Investigación e Promoción do Patrimonio Cultural e do Espazo Rural	Relatora: Conxita Mir (U. De Lleida) Título: Do colectivo ao individuo: falando de Historia con Conxita Mir Día: 19/12/2024 Hora: 19 h. Lugar: Facultade de Historia.	Reseña biográfica Conxita Mir Curcó foi profesora de historia contemporánea da UdL. Os seus primeiros traballos dedicounos á análise do caciquismo político e comportamentos electorais dos anos da Restauración e a Segunda República, desde onde derivou cara ao estudo da violencia política e o control social durante o franquismo, a partires da exploración das fontes xudiciais civís e militares. Membro de diferentes asociación se do consello de redacción de varias revistas entre as que destacan Perspectiva Social, Siglo XX, Investigaciones y Pliegos de Historia local. Recibiu o premio Jaume Sarri do IEC en 1978 e a medalla Narciso Monturiol ao mérito científico e tecnolóxico en 2009. Entre os seus traballos podemos destacar: Represión económica y franquismo. La actuación del tribunal de responsabilidades políticas en la provincia de Lleida (1997), Vivir se sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de postguerra (2000), Violencia y represión en Cataluña durante el franquismo: balance historiográfico y perspectivas (2001), e con Julián Casanova como coordinador, Morir, matar. Sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco (2002).
---	---	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

 CONFERENCIA XOÁN MANUEL GARRIDO VILARIÑO Historia da percepción de <i>Se isto é un home</i> a través das traducións Facultade de Xeografía e Historia Xoves 6 de febreiro de 2025. 12:00 h. Aula 13 GRUPO HISTAGRA 2024-2025 CISPAC	Relator: Xoan Manuel Garrido Vilariño (UdV) Título: Historia da percepción de <i>Se isto é un home</i> a través das traducións Día: 06/02/2025 Hora: 12 h. Lugar: Facultade de Historia.	Reseña biográfica Xoán Manuel Garrido Vilariño é Doutor en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo coa tese (2004) «Traducir a Literatura do Holocausto: Tradución/Paratraducción de <i>Se questo è un uomo</i> de Primo Levi». Profesor Asociado no Grado de Tradución e Interpretación da Universidade Vigo, na combinación lingüística francés-galego-francés. É o autor da tradución ao galego de <i>Se questo è un uomo</i> de Primo Levi publicada en 2019 pola editorial Xerais co título <i>Se isto é un home</i>. 301 páxinas de redacción tradutora que resultan ser o froito de máis de 15 anos de traballo investigador e docente de quen se converteu non so nun dos maiores expertos internacionais sobre a tradución do Holocausto, senón tamén comprometido cunha auténtica e pública pedagogía da Memoria Histórica dos traumas colectivos e do Holocausto
---	--	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

 MESA REDONDA ANTIFRANQUISMO, OS E AS PROTAGONISTAS II Participantes: Encarna Otero Manuel Monge Luís Gonçalves Blasco "Foz" Carlos Baliñas Anxela Loureiro Alfonso Tellado Facultade de Xeografía e Historia Luns 17 de marzo de 2025. 19:00 h. Aula Magna CICLO PASADOS INCÓMODOS DO GRUPO HISTAGRA 2024-2025 Actividade enmarcada na materia de 3º curso grao de Historia: Historia Contemporánea de España. S. XX	Relatorxs: Manolo Reboiras, Carlos Barros, Modesto Pose Mesura, Carlos Vázquez, Madó Domínguez, Nanina Santos Castroviejo. Encarna Otero, Manuel Monge, Luís Gonçalves Blasco "Foz", Carlos Baliñas. Anxela Loureiro, Alfonso Tellado Título: Mesa redonda: Antifranquismo, os e as protagonistas I e II Día: 10 e 17/03/2025 Hora: 19 h. Lugar: Facultade de Historia.	Reseña Conxunto de mesas redondas sobre o antifranquismo en Galicia, nas que participaron protagonistas dos movementos políticos e sociais dos anos 70: Carlos Barros, movemento estudantil (SDE) e dirixente clandestino do PCG; Modesto Pose Mesura, estudante de Medicina e militante socialista (PSOE); Carlos Vázquez, consiliario da Juventud Obrera Católica (JOC) e militante da ANPG; Madó Domínguez, activista en movementos sociais e veciñais; Nanina Santos Castroviejo, participante dos Comités de Curso, Federación de Comunistas e participou na creación da G M (1976), Encarna Otero movemento estudantil e nacionalista, Manuel Monge, ORT; Luís Gonçalves Blasco "Foz", consello da Mocidade da UPG; Carlos Baliñas. Candidatura Democrática Galega; Anxela Loureiro, XXCC de Ferrol e CCOO do comercio; Alfonso Tellado, traballador de Bazán e militante sindicalista.
---	---	--

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

	Relator: Arnau Fernández Pasalodos Título: Hasta su total exterminio. La guerra antipartisana en España, 1936-1952 Día: 26/03/2025 Hora: 19:00 Lugar: Facultade de Historia.	Reseña Arnau Fernández Pasalodos (Barcelona, 1995), é doutor en historia contemporánea pola Universitat Autònoma de Barcelona. Foi investigador posdoutoral no University College de Dublín e formou parte do equipo de traballo do proxecto ERC Civil Wars dirixido polo profesor Robert Gerwarth. Actualmente é profesor na Universidade de Granada. Coeditor da Revista Universitaria de Historia Militar (RUHM) e profesor no Máster en Historia Militar da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Gañador do Premio de Novos Investigadores Mary Nash 2021 co artigo "Uniformidad, confusión y paranoia. Guerrilleros y guardias civiles en la guerra irregular española (1936-1952)".
--	--	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

 CONFERENCIA SEBASTIAAN FABER Memoria democrática ou antifascista? Relatos do século XX en España, Estados Unidos e Países Baixos FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA Xoves 03 de abril de 2025 19:00 h. Aula 12 GRUPO HISTAGRA 2024-2025 CISPAC Centro de Investigación e Estudos do Patrimonio Cultural e da Paisaxe	Relator: Sebastiaan Faber Título: Memoria democrática ou antifascista? Relatos do século XX en España, estados Unidos e Países Baixos Día: 03/04/2025 Hora: 19:00 Lugar: Facultade de Historia.	Reseña Sebastiaan Faber é catedrático de Estudos Hispánicos no Oberlin College. É autor de Exile and Cultural Hegemony: Spanish Intellectuals in Mexico, 1939-1975 (Vanderbilt, 2002), Anglo-American Hispanists and the Spanish Civil War: Hispanophilia, Commitment, and Discipline (Palgrave, 2008), Memory Battles of the Spanish Civil War: History, Fiction, Photography (Vanderbilt, 2018), Exhuming Franco: Spain's Second Transition (Vanderbilt, 2021; 2ª ed. revisada, 2023), traducido como Franco desenterrado. La segunda Transición española (Pasado & Presente, 2022), e Leyendas negras, marcas blancas. La malsana obsesión con la imagen de España en el mundo (Contexto, 2022). Tamén é coeditor de Contra el olvido. El exilio español en Estados Unidos (U. de Alcalá, 2009) e Transatlantic Studies: América Latina, Iberia and África (Liverpool, 2019).
---	---	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

ESCOLMA DE FOTOGRAFÍAS

RELATORIO CONVERSACIONES TRANSATLÁNTICAS SOBRE MEMORIA



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO MARÍA ANTONIA MARTI (UAB)



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE CONXITA MIR (U. DE LLEIDA)



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE XOAN MANUEL GARRIDO VILARIÑO (UdV)



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvmento Regional

RELATORIO MESA REDONDA: ANTIFRANQUISMO, OS E AS PROTAGONISTAS I E II

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE ARNAU FERNÁNDEZ PASALODOS



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO SEBASTIAAN FABER




Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

PROTAGONISTAS



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional